

**Acta XIV Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA**  
**Xoves, 14 de abril de 2016 na Sede da Marea (Cruz Vermella, 22, baixo)**

Sendo as 20,15 horas e co quórum requirido (26 persoas) da comezo a Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta anterior
2. Aprobación de modificacións de estatutos a requirimento do Ministerio do Interior e co fin de adaptarse a lexislación
3. Balance da actividade municipal
4. Participación en Mareas En Común
5. Il Grandola, Vila Marea
6. Varios

**ACORDOS:**

1. Aprobación da acta anterior. **Aprobada**

2. Xoán Hermida explica sobre o requirimento do Ministerio de Interior para cambios nos estatutos da Marea (obrigados pola lei) e expón o informe delegado pola Coordinadora Xeral para aprobación en Asemblea Xeral. Vótanse os cambios e aprobanse por unanimidade.

3. Comeza Luís Rei a expor a actividade do Grupo Municipal do último trimestre: EDAR, rexeneración democrática, loita contra ENCE, Rajoy non grato, ...

Rolda de preguntas: Fernando fai unha pregunta sobre a reforma do edificio da xunta de Benito Corbal; Luís responde que é un proxecto que fai a Xunta que mellora a situación actual, e que ademais Marea levaba no programa a recuperacion do edificio. Pregunta polo tema da compostaxe e a probable suba dos recibos do lixo; non se coñece o proxecto e que non se teñen datos neste momento sobre unha eventual subida dos recibos xa que a información que se da é confusa.

O tema será tratado posteriormente cando se saiban as características do proxecto e o seu modelo de xestión partindo do principio favorable da Marea ao compostaxe.

4. Cruz Villaverde explica o proceso de Mareas en Común fala da aprobación dos documentos organizativos en Marín, esquema de código ético, principios básicos, protocolo de toma de decisións e o proceso de Marea Viva que será o momento constituinte, e que o vindeiro encontro será en Sada.

Remarcase que é un proceso aberto e que o que imos a votar neste punto e se Marea Pontevedra apoia o proceso, a ser de adscrición individual cada quen deberá decidir se participa ou non.

Preguntas: Javier pregunta sobre os nomes do proceso e cal é o resultado que se busca, logo pregunta polos tempos; Cruz responde que o proceso chamase Marea Viva que o que se busca é unha plataforma cidadanista pra facer unha candidatura as vindeiras eleccións autonómicas e un espazo de traballo para as mareas, os tempos aprobaranse na xuntanza de Sada.

Votase o apoio e adhesión de Marea Pontevedra aos principios de Marea en Común: 23 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións.

**Aprobase polo tanto a adhesión de Marea Pontevedra a Mareas en Común.**

5. Informase dos preparativos da celebración da segunda edición do “Grândola, Vila Marea!” o 24 de Abril en Praceres coincidindo co 15 aniversario da revolta cidadá contra o tren.

Non habendo ningún punto en varios e sen máis asuntos que tratar levantase a xuntanza ás 21,10 horas.

Dado que coincide a asemblea co día da república celébrase un acto de confraternización posterior.

Asinado:      Esteban Rey | exerceu de Secretaria de Actas  
                    Xoán Hermida | Coordinador